

UNIDADE

9

A oratoria

ÍNDICE DE CONTIDOS

LINGUA

1. O INDICATIVO.
2. O IMPERATIVO.
3. O SUBXUNTIVO
4. O OPTATIVO.

LITERATURA.

5. A ORATORIA

5.1. DEFINICIÓN E ORIXE

5.2. TIPOS DE ORATORIA

5.3. OS MÁIS IMPORTANTES ORADORES GREGOS

LEGADO

6 A CIDADE GREGA

7. TEXTOS

Nesta unidade, no apartado de "Lingua", verás a morfoloxía e a sintaxe do indicativo, imperativo, subxuntivo e optativo dentro dos modos do verbo grego. No de "Literatura" estudarás un xénero literario moi relacionado coa evolución política da cidade: a **oratoria**. Finalmente no de "Textos" traducirás textos orixinais relacionados coa cidade como núcleo de convivencia social, así como coa actitude de Pericles ante os que criticaban o sistema político de Atenas. Con todo isto propónseche unha reflexión tanto sobre a lingua grega coma sobre algunhas cuestións que configuraron o xeito de actuar dos seus falantes que pode servirche para internarte no coñecemento da realidade histórica, cultural, política ou filosófica da Antigüidade grega.

1 O Indicativo

- **Sen partícula**

O modo indicativo grego, igual que no galego, utilízase para afirmar ou negar con certeza (oracións enunciativas) ou para preguntar algo (oracións interrogativas directas). A negación é sempre **οὐ**.

Enunciativa afirmativa:

Δαρείου καὶ Παρυσάτιδος γίνονται παῖδες δύο, πρεσβύτερος μὲν Ἀρταξέρφης, νεώτερος δὲ Κῦρος

De Darío e Parísátide nacen dous fillos, o maior, Artaxerxes e o menor, Ciro.

Enunciativa negativa:

Οὐ γάρ πώποτ' ἐμὰς βοῦς ἤλασαν.

Pois nunca roubaron as miñas vacas.

Oracións interrogativas:

Τί γεγένηται;

Que sucedeu?

Τίς οὐ μέμνηται;

Quen non se acorda?

Constrúense en indicativo todas as afirmacións limitadas polas locucións

ὀλίγου, ὀλίγου δεῖν.

faltou pouco para, case

τὸ ἐπ' ἐμοί (σοί, τούτῳ, etc.).

no que de min (de ti, dese, etc.) dependa.

Ὅλιγου τὴν πόλιν εἶλον.

Faltou pouco para que tomasen a cidade / Case tomaron a cidade.

Τὸ ἐπὶ τούτῳ ἀπολώλαμεν.

No que dependa dese, estamos perdidos.

- **Imperfecto e aoristo de indicativo con ἄν**

O imperfecto e o aoristo de indicativo acompañados da partícula ἄν expresan unha acción irreal (é dicir, que se enuncia como unha posibilidade que non se realiza).

O imperfecto con ἄν expresa acción irreal de presente.

Βασιλεὺς ἄσμενος ἄν τοὺς Ἀθηναίους εἰς τὴν συμμαχίαν προσεδέχετο.

O rei recibiría gustoso aos atenienses na súa alianza (suponse que os atenienses non están dispostos a iso, por iso se enuncia como unha irreal).

O aoristo de indicativo con ἄν expresa acción irreal de pasado.

Βασιλεὺς ἄσμενος ἂν τοὺς Ἀθηναίους εἰς τὴν συμμαχίαν προσεδέξατο.

O rei recibiría gustoso aos atenienses na súa alianza (enténdese que non os recibiu).

NOTA. Unha subordinada condicional -prótase- dependente deste tipo de oracións, leva o imperfecto ou aoristo sen ἂν. Neste caso, imperfecto ou aoristo tamén teñen valor irreal de presente ou de pasado, como as formas que sinaláramos con ἂν, e tradúcense por imperfecto de subxuntivo

Εἰ φίλος μοι ᾗσθα, οὐκ' ἂν ἐμέμφου μοι.

Se foses o meu amigo (que non o es), non me censurarías.

2. O imperativo

O imperativo é o modo das oracións volitivas que expresan unha orde, un mandato, unha exhortación.

Se o mandato é negativo (é dicir, unha prohibición), a negación é μή.

Πείθου τοῖς νόμοις.

Obedece as leis!

Ἦ βία σε μηδαμῶς νικησάτω.

Que a violencia non te venza de ningún modo!

O imperativo de presente e o de aoristo diferéncianse en que o de presente expresa unha acción que dura e o de aoristo, unha acción puntual. Rara vez se pode manter a diferenza en galego.

Μή πράττε τοῦτο.

Non fagas iso (é dicir, non esteas a facer iso).

Ταῦτά μοι πράξον.

Fai (agora, nun instante) iso por min.

Observarás que o imperativo pode usarse en oracións negativas (con μή). En galego non se di *non fai*, senón *non fagas*, e por iso deben traducirse os imperativos negativos en subxuntivo.

En grego tamén se poden construír as prohibicións con subxuntivo:

Μή βράδυνε μηδ' ἐπιμνησθῆς ἔτι Τρόας.

Non te atrases nin penses xa en Troia!

✓ Realiza a πράξις 1

3. O subxuntivo

O subxuntivo está marcado fronte ao indicativo cunha vogal de unión ou temática longa: presente indicativo λύ-ο-μεν *desatamos*, presente subxuntivo λύ-ω-μεν *desatemos*; nos demais tempos engádelle a marca correspondente: aoristo subxuntivo λύ-σ-ω-μεν, perfecto λελύ-κ-ωμεν. En voz medio-pasiva funciona igual: presente indicativo λύ-ο-μεθα *desatámonos*, presente subxuntivo λύ-ω-μεθα *desatémonos*; nos demais tempos engádeselle a marca correspondente: aoristo subxuntivo medio λυ-σ-ώ-μεθα, aoristo subxuntivo pasivo λυ-θ-ώμεν.

O subxuntivo expresa actitudes subxectivas do falante. Posúe dous valores distintos: a idea de vontade e a de eventualidade.

As oracións independentes que expresan exhortación ou prohibición e deliberación constrúense en subxuntivo.

● Subxuntivo exhortativo

As exhortacións ou mandatos de primeira persoa van en subxuntivo:

Μήπω ἐκέϊσε ἴωμεν, πρῶ γάρ ἐστιν, ἀλλὰ δεῦρο ἐξαναστώμεν εἰς τὴν αὐλήν.

Non vaíamos aínda alí, pois é demasiado cedo, a non ser que saíamos aquí ao patio.

As prohibicións ou mandatos negativos de segunda e terceira persoa poden expresarse en subxuntivo de aoristo ou en imperativo:

Μὴ τοῦτο ποιήσης.

Non fagas iso.

● Subxuntivo deliberativo

As oracións independentes deliberativas ou dubitativas (case exclusivamente na primeira persoa de singular e plural) exprésanse en subxuntivo de presente ou de aoristo:

Τί φῶ;

Que debo dicir?,

Δέξεσθε ἡμᾶς, ἢ ἀπίωμεν;

Recibirédesnos ou debemos marchar?

Ποῖ τις φύγῃ;

A onde se debe fuxir?

● Subxuntivo eventual con ἄν

O subxuntivo con ἄν expresa a eventualidade, é dicir, indica que unha acción adoita cumprirse no futuro ou en xeral. Este subxuntivo dáse en oracións subordinadas adxectivas ou de relativo, condicionais, concesivas e temporais. Nas prótases das oracións condicionais a partícula ἄν (con ᾶ) fónnese coa partícula condicional εἰ dando lugar a: .ἐάν, ἤν e ἄν (con ᾶ porque é produto de contracción); en oracións temporais: ὅποτε + ἄν > ὅπότεν, ἐπειδὴ + ἄν > ἐπειδάν, ὅτε + ἄν > ὅταν, ἐπεὶ + ἄν > ἐπὶν

Cando as partículas non se fonden, están separadas por outras partículas como μέν, δέ, τέ, γάρ.

Ὅς ἄν δικαίως διαγάγῃ ἀμείνωνος μοίρας μεταλαμβάνει.

Quen vive xustamente participa dun destino mellor.

Ἐπειδὴν ἐκεῖσε ἔλθωμεν, βουλευσόμεθα.

Cando cheguemos alí, deliberaremos.

Ἐάν ζητῇς καλῶς, εὐρήσεις.

Se buscas ben, atoparás.

Ὅς δὲ ἀληθῆ λέγομεν, ἐὰν ἀναλογίσῃσθε, αὐτίκα γνώσεσθε.

Se reflexionades, axiña vos decataredes de que dicimos verdade.

4. O optativo

O optativo leva sempre diante da desinencia a característica modal -ι-. Hai dúas desinencias de optativo, -ι-μι e -ι-ην; cando se unen a verbos temáticos ponlle diante a vogal temática -ο e a terminación resultante é -ο-ι-μι e -ο-ι-ην: λύ-οιμι e τιμα-οίην (contracto τιμῶην); no futuro activo antepóñselle a característica de futuro -σ- á terminación -οιμι, resultando -σοιμι. Non se usa en futuro a desinencia -ι-ην.

En voz media a terminación ten a seguinte estrutura: vogal temática -ο- + característica modal -ι- + desinencias secundarias -μην, -σο, -το, -μεθα, -σθε, -ντο: λυ-ο-ί-μην, λύ-ο-ι-ο (< ο-ι-σο),... Con estas terminacións mais as marcas correspondentes antepostas fórmase o futuro medio λυ-σ-οίμην e o pasivo λυ-θη-σ-οίμην.

O aoristo forma o optativo antepoñendo a característica de aoristo -σα- á desinencia: optativo aoristo activo: λύ-σα-ι-μι, medio: λυ-σα-ί-μην. En voz pasiva fórmase coas desinencias -ι-ην: λυ-θη-ί-ην.

O optativo perfecto activo antepón a característica -κ- á terminación -οιμι, resultando -κοιμι; o optativo perfecto medio-pasivo é unha perífrase formada polo participio perfecto + o optativo de εἰμί:

Λελυμένος, -η, -ον εἶην, εἶης, εἶη; λελυμένοι, -αι -α, εἶμεν, εἶτε, εἶεν (λελυμένα εἶη 3 apl. η).

O optativo expresa actitudes subxectivas do falante. O optativo expresa sobre todo o desexo e a posibilidade.

• O optativo desiderativo

O optativo só ou acompañado de εἴθε, εἰ ou εἰ γάρ, nunha oración independente, **expresa un desexo**:

Ἀναβιοίην νυν πάλιν.

Que recobre a vida de novo!

Εἴ μοι γένοιτο φθόγγος ἐν βραχίοσι.

Oxalá tivese voz nos brazos!

Εἴθε γενοίμην οὐρανός.

Oxalá fose eu ceo, para verte con moitos ollos!

A negación é **μὴ**:

Εἴθε μὴποτε γνοίης ὅς εἰ.

Oxalá nunca saibas quen es!

- **O optativo de posibilidade ou potencial**

O optativo coa partícula ἄν expresa a posibilidade. Este optativo emprégase na oración principal -apódose- das oracións condicionais para indicar que un feito se pode realizar se se cumpre a condición:

Ἀνὴρ μὲν μοι ἂν ἄλλος γένοιτο, εἰ δαίμων ἐθέλοι.

Eu podería ser outro marido se a divindade o quixese.

A negación é οὐ:

Καὶ νῦν οὐκ ἂν εἰκότως δι' αὐτοὺς βλαπτοίμεθα.

Non sería razoable que agora suframos dano por causa deles.

(Lit.: *E agora non poderíamos sufrir dano razoablemente por causa destes*).

- **O optativo de subordinación ou optativo oblicuo**

O optativo pode substituír ao indicativo e ao subxuntivo en toda oración subordinada que dependa dunha principal en tempo pasado ou histórico:

Οἱ Ἀθηναῖοι τὰ χωρία εἶχον, ἕως οἱ Λακεδαιμόνιοι ποιήσειαν τὰ εἰρημένα.

Os atenienses conservarían as prazas fortes, ata que os lacedemonios realizasen o convido.

Περιεμένομεν οὖν ἐκάστοτε ἕως ἀνοιχθείη τὸ δεσμωτήριον. Ἐπειδὴ δέ ἀνοιχθείη, εἰσῆμεν παρὰ τὸν Σωκράτη.

Pois ben, esperabamos cada día ata que se abría o cárcere. E tan pronto como se abría entrabamos xunto a Sócrates.

✓ Realiza a πράξις 2

5 A oratoria

5.1 Definición e orixe

Poderíamos definir a oratoria como **a arte de crear fermosos discursos coa intención de persuadir**. Preténdese, pois, poñer a beleza literaria ao servizo da utilidade (por exemplo, para gañar un xuízo ou para convencer aos concidadáns dunha medida política). A partir do século V a.C. converteuse en xénero literario en Grecia.

Ten antigos precedentes, pois xa na *Ilíada* hai mostras dela e os propios heroes recoñecen que a uns deuses lles deron a calidade de loitar ben na guerra e a outros, a de falar habilmente na asemblea, como a Néstor. Pero o que de verdade **desenvolveu o xénero foi a vida da polis, que esixía a participación do pobo no seu goberno e a necesidade de defender intereses privados perante os tribunais**. Atenas é o mellor exemplo disto.

5.2 Tipos de oratoria

De acordo cos fins concretos que perseguía, divídese a oratoria en:

- **forense** (δικανική)

- **política** (συμβουλευτική)

- **de exhibición** (ἐπιδεικτική).

a) A oratoria forense ou xudicial, é dicir, os xuízos pronunciados perante un tribunal polos propios implicados, xeralmente e compostos por escritores profesionais ou logógrafos (representada por **Lisias**).

b) A oratoria deliberativa ou política, sobre todo eran os discursos pronunciados perante a asemblea ou outros órganos políticos (representada por **Demóstenes**).

c) A oratoria epidíctica era a constituída por discursos de “exhibición”, xeralmente os expostos en ocasións solemnes, como loanza ou censura dalgúns personaxes (representada por **Isócrates**).

a) A **forense** servía para facer bos discursos perante os tribunais. Era de grande utilidade se se ten en conta que en Grecia o acusado había de defenderse persoalmente no xuízo, sen representación de avogado como hoxe, polo que dependía moitas veces da súa habilidade para saír airoso ou sufrir unha condena (a *Apoloxía de Sócrates* é un bo exemplo). Os que non tiñan esta habilidade recorrían a un experto para que lles compuxese os discursos e, logo, eles aprendíanos de memoria e pronunciábanos ante o tribunal.

b) A oratoria **política**, pola súa parte, ensinaba a arte de deliberar na asemblea.

c) O terceiro tipo de oratoria, a pomposa ou **de exhibición**, tiña un fin máis teórico que as anteriores. Utilizábase nos discursos pronunciados ante grandes multitudes nas festas; derivou logo en mera exposición pedante en banquetes, en discusións filosóficas ou na literatura. Acadou o seu momento principal na segunda sofística, durante o século II d.C.

Partes dun discurso. O discurso acostumaban a estar dividido en catro partes:

- **o prólogo**, ou introdución na que se pretendía gañar a simpatía do tribunal;

- **a exposición**, ou exposición dos feitos;
- **a proba**, ou presentación de testemuñas, probas ou argumentos nos que se apoiaba a defensa ou a acusación;
- **o epílogo**, ou resumo coa intención de atraerse de novo ao xurado.

5.3. Oradores

Aínda que a oratoria se desenvolveu en Atenas, non foron atenienses os seus creadores. O primeiro deles foi **Gorxias de Leontinos**, nado en Sicilia, en 483 a.C., que chegou a Atenas no ano 427 e deixou tan impresionados aos atenienses pola súa elocuencia, que se dedicou a ensinar a nova arte.

No período helenístico confeccionouse un **canon dos dez mellores oradores**, cos seguintes nomes: Antifonte, Andócides, Lisias, Isócrates, Iseo, Esquines, Licurgo, Demóstenes, Hiperides e Dinarco. Aquí só falaremos dos principais.

Lisias naceu cara ao 445 a.C. Pola súa procedencia estranxeira (o seu pai trasladouse de Siracusa a Atenas a mediados do s. V a.C.), non tivo a cidadanía ateniense, senón que foi un meteco, un estranxeiro libre, pero sen dereitos políticos. Esta situación impedíalle pronunciar persoalmente discursos **políticos ou epidícticos**, e por iso tivo que centrar a súa actividade retórica na composición de discursos **para outros, é dicir, discursos forenses**.

Dise que compuxo máis discursos que ningún outro orador. Segundo as fontes antigas atribúeselle 425, dos que se consideraban auténticos uns 230. Consérvanse 35 discursos seus nos que de modo sinxelo e cunha linguaxe coloquial das xentes coas que convivía demostra un gran talento narrativo para presentarnos o ambiente da Atenas da súa época.

Isócrates naceu nunha familia acomodada de Atenas en 436 a.C. Foi discípulo de Pródico, Protágoras e Gorxias. Como non tiña boas calidades oratorias, escribía discursos **ficticios** (neles, por exemplo, eloxia por primeira vez a idea de Europa). A partir de **392 abriu unha escola en Atenas onde daba unha formación política e literaria, unha especie de saber enciclopédico por un período de tres ou catro anos destinado a acadar unha importante habilidade oratoria**.

A maioría dos seus escritos están relacionados co seu pensamento pedagóxico, xa que o seu obxectivo era asegurar a supervivencia e, a ser posible, a maior difusión dos valores culturais gregos. Conserváronse en total 25 obras súas, entre discursos e cartas. As súas ideas pedagóxicas atópanse no ensaio da súa xuventude, *Contra os sofistas*, e reelaboradas trinta e seis anos despois na *Antidosis*, obra en gran parte autobiográfica. O *Busiris* e *Helena* son exercicios escolares no tratamento dos temas lendarios. O *Panexírico* é de seguro a obra fundamental para coñecer o pensamento político de Isócrates.

Conservamos nove cartas das que destacan as dirixidas a Arquidamo, a Filipo e a Alexandre. Nas súa prosa coida o ritmo e son da frase, evitando o encontro de vogais en hiato. Ten un sentido do ritmo moi refinado e, aínda que fai todo o posible por se apartar do artificio literario, ás veces déixase levar polos períodos excesivamente longos.

Esquines naceu cara ao ano 390 e, dada a orixe humilde da súa familia, tivo que buscar o sustento desde mozo, exercendo distintos oficios. A súa vida política distínguese pola súa simpatía cara a Filipo de Macedonia –foi xefe do partido **promacedónico**– e polo seu enfrontamento con Demóstenes.

Conserváronse tres discursos seus: *Contra Timarco*, *Sobre a embaixada* (réplica aos ata-

ques de Demóstenes), *Contra Ctesifonte* (convinciente cando alega as ilegalidades técnicas da proposta, pero ineficaz como ataque contra a carreira de Demóstenes). Esquines posuía grandes dotes naturais como orador: boa voz e boa presenza, unha mente enxeñosa, amena e rica en coñecementos, e unha apaixonada elocuencia, ilustrada con citas poéticas e mitolóxicas. Faltoulle, en cambio, tanto na oratoria como na política, claridade de ideas, gusto e autoridade moral; aínda que nos seus momentos máis brillantes era capaz de convencer e de emocionar.

O máximo orador da Antigüidade foi **Demóstenes**, que naceu no año 384 a.C. Aínda que o seu pai foi un rico fabricante de armas, quedou aos sete anos en mans dos seus desaprehensivos titores, que o deixaron sen a herdanza, polo que pasou unha infancia difícil.

Exerceu como logógrafo (compositor de discursos xudiciais para outros). O seu compromiso político centrouse toda a súa vida nunha feroz oposición ás pretensións de Filipo de someter ao seu poder toda Grecia. Contra esta intención lanzou os seus máis acendidos discursos: as catro *Filípicas*. Como dixemos, foi encarnizado adversario de Esquines, quen dirixiu contra el o seu discurso titulado *Contra Ctesifonte*. Demóstenes, pola súa parte, atacou ao seu rival co titulado *Sobre a coroa*, considerada desde sempre como unha obra mestra da oratoria. O enfrontamento saldouse coa derrota de Esquines e o seu abandono de Atenas. Os éxitos militares dos macedonios obrigaron a Demóstenes a abandonar Atenas no 324, cidade á que regresou no 323, trala morte de Alexandre Magno, para abandonala de novo e poñer fin á súa vida envelenándose no 322 a.C.

O seu éxito oratorio debíase as súas formidables dotes de exposición e argumentación baseadas nunha apaixonada idea do Estado ateniense libre e no perfecto dominio de todos os recursos do idioma: repeticións, preguntas agresivas, **antíteses** provocadoras, hábiles comparacións, magníficas metáforas e imaxes conmovedoras. Unha grande harmonía, en suma, entre paixón e estética oratoria.

Consérvanse 61 discursos seus, aínda que non todos son auténticos. Dos discursos forenses destacan os pronunciados *Contra Androción* e *Contra Timócrates*. Dos políticos, *Sobre a agrupación dos contribuíntes* e *Sobre a liberdade dos rodios*. Contra as pretensións de Macedonia, ademais das catro *Filípicas*, compuxo *Olínticos*, *Sobre a paz*, *Sobre a embaixada* e *Sobre a coroa*, a súa mellor obra.

Un texto de oratoria

Dos 61 discursos que se conservan de Demóstenes, o *Sobre a coroa* é considerado a súa mellor obra. O seu asunto é o seguinte:

Ctesifonte conseguira que o Consello (βουλή) aprobase a súa proposta de concederlle a Demóstenes unha coroa de ouro pola súa xestión como comisario de fortificacións (τειχοποίος) e como administrador do fondo de espectáculos (θεωρικών). Cando ía presentar a proposta (προβούλευμα) á asemblea (ἐκκλησία) para a súa discusión e aprobación, Esquines presentou unha denuncia de ilegalidade (γραφή παρανόμων) contra Ctesifonte porque contiña datos falsos, como os eloxios de axudar co seu diñeiro e actuación á polis, pois a lei prohibía que houbese falsidades nos decretos; ademais a lei prohibía que se coroase a un cidadán en exercicio dun cargo público antes de render contas, e Demóstenes aínda non o fixera do seu cargo de comisario de fortificacións e de administrador do fondo de espectáculos; e finalmente, porque as leis ordenaban que a coroación se fixese na Asemblea ou no Consello se era este o que o coroaba, e non no teatro como pedía a proposta. Parouse a proposta ata que o tribunal dos heliastas xulgase a cuestión de ilegalidade. Esquines pronunciou o seu discurso de acusación contra Ctesifonte, este presentou unha breve defensa e invocou o apoio de Demóstenes que fora claramente atacado por Esquines.

Se o acusador non obtiña 1/5 dos votos favorables á súa denuncia, debía pagar unha multa de mil dracmas e quedaba inhabilitado para intentar novas denuncias semellantes á perdida. Isto foi o que lle sucedeu a Esquines, que tivo que abandonar Atenas.

A lectura que vén a continuación é o prólogo ou exordio deste discurso. Fíxate que este prólogo ten composición en anel: comeza por unha invocación aos deuses e remata con outra. No corpo do discurso obsérvase a mesma técnica de composición: empeza polos seus servizos á cidade e remata co mesmo tema, tratando no centro do discurso o máis escabroso e menos favorable aos seus intereses, as acusacións de Esquines.

En primeiro lugar, varóns atenienses, rogo aos deuses todos e a todas as deusas que canta boa vontade veño tendo para coa cidade e todos vós, a obteña eu da vosa parte en igual medida para este proceso; logo, que o que en maior medida vos beneficia a vós e á vosa piedade e reputación, iso vos inspiren os deuses, a saber: que non fagades ao meu adversario conselleiro voso acerca de como debedes vós oírme (que iso si que sería reprobable), senón ás leis e ao xuramento¹, en cuxa redacción, ademais de todas as outras xustas prescricións, consta o precepto que vos obriga a poñer atención en ambas as dúas partes con imparcialidade. Iso significa non só carecer de todo xuízo condenatorio previo e mostrar aos dous igual favor, senón tamén permitir que cada un dos litigantes faga uso da disposición e plan de defensa que aprobara e preferido².

Pois ben; en moitos puntos atópome en desvantaxe con respecto a Esquines polo que a este preito se refire, pero en dous sobre todo, varóns atenienses, que son, ademais, de grande importancia: un, o feito de que non litigo por motivos iguais aos do meu adversario, pois non é o mesmo para min non acadar o voso favor que para ese non gañar o proceso -non quero dicir nada de mal agoiro ao empezar o meu discurso-; ese, en cambio, acúsame con vantaxe. O outro, cousa que é natural disposición de todos os homes, que as inxurias e acusacións se escoitan con pracer, mentres que se experimenta desgusto cos que se eloxian a si mesmos. Destas dúas circunstancias, pois, a que leva ao agrado foille dada a ese; pola contra, a que a todos, por dicilo así, molesta, quedame a min. E se, por tratar de gardarme diso, non refiro as miñas actuacións, darei a impresión de non poder librarme das acusacións nin de sinalar as razóns polas que considero xusto recibir honras públicas; e se paso ao que levei a cabo e ás xestións públicas por min realizadas, vereime forzado a falar moitas veces da miña propia persoa. Así que tratarei de facelo co maior comedimento; e en canto ao que o caso en si me obrigue a dicir, xusto é que a responsabilidade diso a teña ese, o que suscitou un preito de tal índole.

Creo que vós todos, varóns atenienses, recoñeceredes que este preito me afecta tanto a min coma a Ctesifonte, e que en nada merece menor dilixencia pola miña parte; pois sufrir calquera tipo de perda é penoso e duro, especialmente se iso acontece por causa dun inimigo; pero no maior grao é o perder a vosa benevolencia e afectividade, por canto tamén o conseguilas é sinaladísimo logro. E dado que este debate versa sobre ese punto, pídovos e suplicovos a todos por igual que me prestedes oído mentres me defendo das acusacións que se me fixeron, con espírito de xustiza, como mandan as leis, cuxo primeiro lexislador, Solón, ben disposto cara a vós e amigo do pobo, pensou que era mester fosen soberanas non só polo feito da súa promulgación, senón tamén por xuralas os xuíces; e non porque desconfiase de vós, polo menos segundo a min me parece, senón porque vía que non era posible ao acusado pasar de longo polas acusacións e calumnias en que, por falar o primeiro, reside a forza do acusador, a non ser que cada un de vós, os xuíces, observando a piedade debida aos deuses, acolla benevolmente tamén as xustas alegacións do que fala en segundo lugar e, ofrecéndose a ambas as dúas partes en calidade de ecuánime e imparcial auditor, elabore deste modo o seu veredicto sobre o con-

¹ Refírese ao xuramento dos heliastas, que foran presentados por cada xuíz.

² Esquines (Contra Ctesifonte 202) pedira ao xurado que ou non escoitase a Demóstenes ou que, se o facía, o obrigase a que seguise na súa exposición a mesma orde que el establecera.

xunto da causa.

A punto de dar conta hoxe de toda a miña vida privada, ao que parece, e das miñas xestións públicas, quero de novo invocar os deuses, e ante vós prégolles, en primeiro lugar, que canta boa vontade veño eu tendo para coa cidade e convosco, tanta estea á miña disposición por parte vosa para este proceso, e logo, que o que vos vaia aproveitar á vosa boa reputación en xeral e á piedade de cada un, iso outórguevos xulgar a todos vós a propósito da presente acusación.

Demóstenes, Sobre a coroa 1-8

✓ Realiza a práxis 3

6. Concepto de cidade

Temos indicios de que en grego e en latín, os conceptos de *cidade*, *organización política coa súa poboación*, e *cidade*, *centro urbano conxunto de edificios e rúas*, expresáronse mediante substantivos diferentes, aínda que remataron por confundirse nun só substantivo. A primeira acepción correspondería ao substantivo **πόλις**, *cidade*, *cidade-estado*, *estado* que expresa todo o que ten que ver coa comunidade que convive nun mesmo espazo físico e as súas interrelacións políticas e sociais (rematou significando tamén o espazo físico), por oposición a **ἄστυ**.

En Roma este concepto expresábase mediante o o substantivo **ciuitas**, que tamén rematou por significar o espazo físico; en galego, o vocabulario das relacións políticas e os dereitos dos cidadáns recórdanos que está relacionado cos dous substantivos **πόλις** e **civitas**: política, cidadán, cidadanía, etc. Para a segunda acepción os atenienses empregaban o substantivo **ἄστυ** que significaba, na Ática, a **cidade de Atenas (por oposición ao campo e ao Pireo)**; en Exipto, Alexandría e en Italia, Roma. En latín este concepto expresábo o substantivo **urbs**, pero tamén o campo semántico deste substantivo asumiu en parte a acepción de *ciuitas* como "entidade política". En galego temos substantivos que nos recordan esa especialización de *urbs*: así o desenvolvemento e planificación dunha cidade chámase *urbanismo*, a todo o que é propio da cidade fronte ao campo denominouse *urbano*, ao modo de comportarse os individuos que viven na cidade chamóuselle *urbanidade*, aos barrios que están situados na periferia da cidade chámaseselles *suburbios*, etc.



A vida urbana comporta unha organización económica que o home primitivo non tiña. Supón un grao superior da civilización humana, porque iso indica que hai individuos que poden vivir sen producir os seus alimentos e que hai outros que producen eses alimentos a cambio de algo que outros cidadáns lles ofrecen: xeralmente produtos cos que poden abastecerse. Todo isto supón a división da produción de bens e a conseguinte especialización.

Os primeiros centros urbanos de que temos noticias están:

a) no ámbito do Mediterráneo (por exemplo: Tiro, Sidón, Biblos, Cnoso, Micenas, Sardes ou Cirene), e

b) en Próximo Oriente (por exemplo: Babilonia, Ur, Assur, Nínive, Persépolis ou Susa).

Pero a **πόλις** grega supuxo un paso máis na evolución da cidade, porque tiña como obxectivo ser autónoma en canto á cobertura das necesidades esenciais dos seus habitantes. Este tipo de cidade-estado autónoma desenvolveuse principalmente entre pobos helénicos de Asia Menor como Mileto, Halicarnaso ou Éfeso; da Grecia continental como Atenas, Corinto, Argos, Esparta ou Tebas, e da Magna Grecia, é dicir, Sicilia e sur de Italia, como Siracusa, Crotona, Metaponto, Síbaris, ou Nápoles.

A cidade grega en época clásica

Neste apartado tomaremos Atenas como modelo da poboación, das instalacións e o funcionamento dunha cidade da Grecia clásica, aínda que teremos en conta tamén outras cidades.

A poboación de calquera gran cidade de Grecia, como Atenas, Corinto ou Mégara, estaba constituída por *ciudadáns, por escravos e por estranxeiros libres que en Atenas recibían o nome de metecos*. Esta poboación non só era urbana, senón tamén rural. Todas as grandes cidades tiñan unha zona urbana e outra rural adxacente que formaban unha unidade administrativa, á que chamamos co nome grego **πόλις** ou cidade-estado, porque era autónoma e independente. Na Grecia antiga non se chegou ao concepto de nación como entidade territorial, quizais polas dificultades xeográficas de comunicación entre unhas cidades e outras e polo apego dos seus habitantes á autonomía e independencia. Agora ben, todos os gregos eran conscientes de que falaban a mesma lingua aínda que fose con variantes dialectais e locais, de pertencer a unha mesma etnia e a unha mesma cultura, de honrar



aos mesmos deuses e de ter os mesmos cultos e as mesmas festas panhelénicas, que os diferenciaban dos que non eran gregos, os chamados *bárbaros*. En Atenas, ademais dos *δῆμοι*, que eran pequenas demarcacións urbanas ou rurais, había outras dúas cidades en sentido moderno, o Pireo e Eleusis. Só os homes libres participaban na vida pública e no goberno das institucións de calquera tipo. Había multitude de profesións, como ferreiros, fabricantes de armas, oleiros, bataneiros, curtidores, carpinteiros ou ceramistas. Os estranxeiros libres adoitaban ser comerciantes, armadores ou traficantes, entre outros produtos, de armas.

O conxunto urbano estaba formado ante todo polos templos e recintos sagrados dos deuses, especialmente dos grandes deuses do panteón grego, pero tamén dos heroes propios de cada cidade. Había teatros e odeóns, que estaban relacionados co culto, edificios públicos oficiais e instalacións deportivas, como os ximnasia e as palestras. O centro da cidade era a praza pública na que se reunía a xente e se celebraba o mercado, é dicir, a *ágora* (ἀγορά). Orixinariamente este substantivo significaba reunión (de ἀγείρω *reunir, xuntar*). Nos poemas homéricos con este substantivo faise referencia ás asembleas do pobo e do exército cos seus xefes. En Atenas, a asemblea de *δῆμοι* e das tribos tamén se denominaba con este substantivo, por

oposición a ἐκκλησία *assemblea do pobo*. A partir deste significado pasa a indicar o lugar de reunión, *ágora, praza pública e praza na que se realizaba o mercado*. Particularmente *en Atenas a ágora non era só a praza pública, senón unha ampla localización semellante a unha pequena cidade dentro doutra máis grande*. Estaba formada por avenidas e paseos cheos de plátanos, chopos e outras árbores, e construcións como a sala do Consello, os tribunais, os templos e as zonas reservadas ás corporacións de mercadores, onde os comerciantes vendían as súas mercadorías ao aire libre ou en pequenos postos. Aínda hoxe podemos visitar a súa impresionante cantidade de restos. Tamén se conservan importantes restos da ágora de Corinto e doutras cidades gregas.

Un elemento moi frecuente nas cidades gregas é a **acrópole** (ἀκρόπολις de ἄκρος alto e πόλις cidade). Entre os gregos era a fortificación elevada das súas cidades, na que podían protexerse contra un ataque inimigo. Nela había un palacio e santuarios. As acrópoles remóntanse á época micénica. Ademais da de Atenas son famosas as de Corinto (Acrocorinto), Tebas (Cadmea), Argos (Larisa), Micenas e Tirinte, entre outras. A Acrópole de Atenas dende tempos prehistóricos estivo ocupada por palacios e templos. Despois da batalla de Salamina deixou de ser unha fortaleza e, en tempos de Pericles, foi embelecida con templos (Partenón, Erecteion, Nike Áptera) e cunha entrada monumental (os Propileos). Entre os Propileos e o Partenón alzábase o santuario de Ártemis Brauronia e a Calcoteca na que se gardaban ofrendas votivas de bronce.

A poboación normal habitaba en casas sinxelas e dunha soa planta. Ao redor dun patio central construíanse cuartos, destinados ás mulleres e aos homes. O cuarto do matrimonio (tálamo) adoitaba estar na zona destinada as mulleres. Había cuartos destinados a obradoiros, nos que traballaba a dona da casa coas escravas, tecendo e fiando. O número de cuartos estaba en función da riqueza do propietario. Os ricos tiñan patios centrais rodeados de columnas, comedores, onde se celebraban os *simposios*, e salas de estar. As súas casas adoitaban ter dúas alturas.

Para controlar o perfecto funcionamento dos servizos públicos dunha gran cidade como Atenas ou o Pireo había funcionarios que coidaban de determinados servizos, algo semellante aos *edís* de Roma. Temos noticias dos nomes dalgúns destes funcionarios como os *epimeletas*, encargados do mantemento de fontes e acuedutos; os dos efebos; os dos ximnasia; os do comercio marítimo, os dos arsenais ou os dos ingresos públicos; os *astínomos* que se encargaban da vixilancia nas cidades e controlaban a súa limpeza, así como os *agoránomos*, cinco en Atenas e cinco no Pireo, encargados de vixiar os mercados e evitar a fraude.

Cidades hipodámicas

En cidades de creación máis moderna que as antigas urbes como Atenas, experimentáanse novos modelos urbanísticos. Destaca a achega do primeiro urbanista, **Hipodamo de Mileto**, que diseña o modelo do que sería unha cidade funcional. Un dos mellores exemplos que conservamos de cidade hipodámica é Priene, en Asia Menor. Non é unha grande urbe, senón unha pequena cidade duns 5.000 habitantes (Hipodamo consideraba que o límite tolerable para unha cidade son 10.000). Esténdese sobre diversos socalcos dende a chaira ata a acrópole, na que se alza o templo de Atenea. Atravesan a cidade seis avenidas principais coas que se cruzan en ángulo recto quince rúas. O máis curioso é que se mantén o esquema cuadrículado, malia que se atopa sobre unha pendente, polo que con frecuencia as rúas se converten en escaleiras. Queda así Priene dividida nunhas oitenta mazás, de aproximadamente 46 x 34 m.; cincuenta delas dedicábanse a casas privadas, máis ou menos subdivididas segundo a importancia económica dos donos. O normal é catro casas por mazá, pero algunhas inclúen máis. Se son edificios oficiais, poden ocupar a mazá completa. As casas típicas constan dun patio rodeado de cuartos.

O centro da cidade ocúpano un templo, unha **stoa** (avenida porticada para pasear), un **bulleuterion** (sala de reunión do Consello da cidade) e un **teatro**. A orientación da cidade permitía que as rúas estivesen soleadas en inverno e, en cambio, máis sombreadas en verán. Numerosas fontes corrían en diversos puntos da cidade. Estaba rodeada por un poderoso muro, construído con mármore local e que se conserva en bo estado. A porta principal situábase ao nordés, e había outras dúas portas, unha ao oeste, ao final da avenida principal, e outra ao leste, ao final da rúa que cruzaba pola stoa da ágora.

Outras cidades como Mileto, Rodas ou Olinto tamén son bos exemplos de plantas hipodámicas. E advírtese nelas un interese por dotar aos cidadáns dun lugar agradable para o paseo, a conversación, a asistencia aos espectáculos públicos e a vida en común.

Moitas cidades modernas planificáronse con planta hipodámica, disposición que se chama na **actualidade de planta ortogonal**, porque as rúas se cruzan en ángulo recto. Como exemplos, podemos citar Bos Aires, o Ensanche de Barcelona ou o barrio de Salamanca en Madrid.

✓ Realiza a **πράξις 4**

7.TEXTOS

TEXTO 1

CHEGADA DUNS EMBAIXADORES A ESPARTA

Ἐξ Ἀκάνθου¹ δὲ καὶ Ἀπολλωνίας¹, αἵ περ μέγισται ἦσαν τῶν περὶ Ὀλυνθον¹ πόλεων, πρέσβεις ἀφίκοντο² εἰς Λακεδαίμονα. Ἀκούσαντες δ' οἱ ἔφοροι τὰ πράγματα ὧν ἕνεκα ἦκον, προσήγαγον αὐτοὺς πρὸς τὴν ἐκκλησίαν καὶ τοὺς συμμάχους.

¹Acanto, Apolonia, Olinto, cidades. | ²Aoristo de ἀφίκνέομαι. |

XENOFONTE

Actividades:

1. Análise morfolóxica dos verbos en forma persoal.
2. Analiza a oración Ἀκούσαντες ... συμμάχους.
3. Traduce o texto.

TEXTO 2

O PODER DA PALABRA DE SÓCRATES

Ὅταν γὰρ ἀκούω Σωκράτους, πολύ μοι μάλλον ἢ τῶν Κορυβάντων ἢ τε καρδία πηδᾷ καὶ δάκρυα ἐκχεῖται ὑπὸ τῶν λόγων τῶν τούτου, ὥρῳ δ' ἄλλους παμπόλλους τὰ αὐτὰ πάσχοντας.

PLATÓN

Actividades:

1. Análise morfolóxica dos verbos en forma persoal.
2. Analiza as oracións subordinadas.
3. Traduce o texto.

TEXTO 3

COMBATE NAVAL ENTRE ATENIENSES E LACEDEMONIOS

Ἐκ τούτου¹ δ' ἐναυμάχησαν οἱ μὲν Λακεδαιμόνιοι ἐν τάξει, οἱ δὲ Ἀθηναῖοι διεσπαρμέναις ταῖς ναυσὶ², μέχρι οὗ ἔφυγον ἀπολέσαντες πεντεκαίδεκα τριήρεις. Τῶν δὲ ἀνδρῶν οἱ μὲν πλεῖστοι ἐξέφυγον, οἱ δ' ἐζωγρήθησαν.

¹De seguido. / ²Sobreent. ἐναυμάχησαν.

XENOFONTE

Actividades:

1. Análise morfolóxica dos verbos en forma persoal.
2. Analiza as oracións subordinadas.
3. Traduce o texto.